



**D.<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DIAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

**CERTIFICA:**

Que a Alcaldía, con data de 26 de outubro de 2020, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

---

**DECRETO DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Suspensión das actividades festivas do San Martiño 2020

**EXPEDIENTE:** 2020/G003/000981

Ano tras ano o Concello de Teo declara o 11 de novembro, día do San Martiño, como festividade local, colabora na organización da tradicional feira que conta con máis de 450 anos de historia e deseña actividades culturais e lúdicas para festexar colectivamente esa data que forma parte da nosa identidade local como comunidade.

Tratándose da anualidade 2020, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 31 de xullo de 2019, acordou aprobar como festivo local para a citada anualidade, ademais do 21 de maio ( a Ascensión), o 11 de novembro (San Martiño).

Considerando que a pandemia provocada pola COVID-19 fixo que padecésemos confinamentos sociais, limitacións drásticas nas nosas actividades e mesmo a perda de seres queridos ou de membros da nosa veciñanza que botamos a faltar, máis nestas celebracións colectivas.

A pesar do tempo transcorrido dende as primeiras medidas sanitarias, mantense a situación de perigo e as medidas administrativas e sanitarias de prevención seguen a limitar as nosas actividades, coma ben dispón a [Orde da Consellería de Sanidade, do](#)



21 outubro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 212 bis do 21/10/2020).

Considerando que con data de 25 de outubro de 2020 publicouse no BOE o Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, en cuxa exposición de motivos se recolle que as actuais incidencias sitúan a todo o territorio peninsular nun nivel de risco alto ou moi alto, o que obriga a establecer determinadas restricións, que se deben cumprir, xunto coas establecidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a normativa citada.

Tendo en conta o exposto, tomando en consideración a situación sanitaria que estamos a vivir e as disposicións normativas das autoridades administrativas e sanitarias, e a obriga de dar cumprimento ás mesmas, co fin de contribuír a preservar a saúde colectiva.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21 da LRBRL e demais normativa aplicable,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.**- Suspender as actividades municipais de celebración do San Martiño na carballeira de Francos, en cumprimento da normativa sanitaria vixente e co fin de evitar concentracións de persoas que poidan contribuír á transmisión do COVID-19.

**Segundo.**- Non autorizar a instalación ambulante de calquera tipo de actividade comercial, lúdica ou de hostalería, na carballeira de Francos o día 11 de novembro ou nas semanas previas.

**Terceiro.**- Dar traslado da presente Resolución ás concellerías correspondentes, así como á Policía Local e Protección Civil, para o seu coñecemento e efectos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



**Cuarto.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

---

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Vº e Praxe  
O alcalde,

Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria xeral,

Virginia Fraga Diaz